

BASES REGULADORAS

A Biblioteca pública de Viveiro convoca o concurso de fotografía que leva por título **ONDE LES TI?**

Este concurso ten por obxecto crear unha imaxe na que apareza o recuncho preferido de cada participante para ler e na que o libro e/ou o acto de ler sexa o protagonista da instantánea. Esta poderá ir acompañada dunha breve descrición se o/a participante o considera oportuno.

PREMIOS

- LOTE DE LIBROS CUN VALOR ESTIMADO DE 60€ POR CATEGORÍA.
- LOTE DE ENTRADAS PARA "CINES VIVEIRO" CUN VALOR ESTIMADO DE 100€ POR CATEGORÍA.

REQUISITOS

Establécense tres categorías:

- INFANTIL (ata 12 anos)
- XUVENIL (entre 13 e 17 anos)
- ADULTO (dende 18 anos)

Cada participante poderá presentar unha fotografía. As fotografías non poderán conter imaxes discriminatorias, obscenas ou violentas.

Para participar as fotografías deberán ser enviadas por correo electrónico ao enderezo da Biblioteca Municipal de Viveiro: biblioteca.viveiro@viveiro.es

Cada fotografía será un único arquivo, no mesmo correo deberase incluír outro documento coa seguinte información.

- Título da fotografía
- Nome da autor/a da instantánea.
- Data de nacemento.
- Enderezo electrónico (da autor/a, ou das nais/pais ou titores/as)
- Número de teléfono de contacto.

No caso de que nas fotografías aparecieran persoas recoñecibles deberán indicarse os seus datos e a conformidade para ser fotografiada/o.

Os menores de 18 anos deberán incluír o nome e apelidos da nai, pai ou titor o seu teléfono e unha dirección de correo electrónico.

O prazo para o envío das fotografías será dende o 23 ata o 30 de abril de 2022.

Unha vez recibidas as fotografías, o día 2 de maio serán publicadas por categorías na páxina de programación cultural do Concello de Viveiro, onde serán sometidas a unha votación popular ata o día 6 de maio de 2022 ás 00.00h.

A fotografía que máis "me gusta" reciba en cada categoría será a gañadora.





As gañadoras ou gañadores daranse a coñecer o domingo 8 de maio. Nesa data tamén se anunciará o día, hora e lugar no que se fará a entrega dos premios.

CONVOCATORIA DO CONCURSO

Convocarase o concurso polos medios oportunos para dar adecuada difusión e facilitar a máxima participación.

XURADO

O xurado será por votación popular, a través da páxina de facebook Programación Cultural do Concello de Viveiro.

DEREITOS DA PROPIEDAD INTELECTUAL

As fotografías premiadas e as participantes poderán ser expostas en internet ou publicadas só con criterios de difusión e divulgación cultural sen ánimo de lucro.

OUTRAS DETERMINACIÓNS

A participación neste concurso implica a aceptación das bases.
A organización resérvase o dereito a introducir, se o cre conveniente, as modificacións necesarias para o bo funcionamento do concurso.
A Biblioteca Municipal de Viveiro encargarse do tratamento dos datos persoais das/dos participantes e os seus titores legais, de acordo á lexislación vixente na materia.

